

# **EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11/11/2024**

## **PRESIDE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

## **CONCELLEIROS/AS**

### Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
SONIA OUTÓN CASAL

### Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
PAOLA MARIA MOCHALES

## **SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

## **INTERVENTOR**

JULIO FONTAÑA COUSO

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/4238**

Vista a proposta da Concellería de Recursos Humanos en relación coa necesidade de renovación da prenda exterior (parkas) para os/as traballadores/as que desenvolven as súas tarefas, á intemperie, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Confecciones TRIVI, SL, para o subministro das citadas prendas, por un importe total de 15.800,79 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Cemiterios, por importe de 515,94 €, con cargo á partida 164.22104.
  - Alumado Público, por importe de 1.547,83 €, con cargo á partida 165.22104.
  - Xardíns, por importe de 2.837,69 €, con cargo á partida 171.22104.
  - Cultura, por importe de 1.289,87€, con cargo á partida 334.22104.
  - Administración Xeral, por importe de 257,97 €, con cargo á partida 920.22104.
  - Vías Públicas, por importe de 4.901,47 €, con cargo á partida 1530.22104.
  - Medio Ambiente, por importe de 1.805,80€, con cargo á partida 1720.22104.
  - Feiras e Comercio, por importe de 773,92 €, con cargo á partida 4311.22104.
  - Mercados, por importe de 1.096,38 €, con cargo á partida 4312.22104.
  - Mobilidade urbana, por importe de 773,92 €, con cargo á partida 134.22104.
- Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/4269**

Dáse conta de escrito presentado por D.Manuel Rodríguez Martínez, solicitando diversas actuacións na contorna da súa vivenda, na Avda. Valentín Viqueira nº 29, Carril e Rúa Cervantes nº 51, Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que en relación co punto 4º do escrito no que solicita que se evite a subida de camións na beirarrúa de Avda. Valentín Viqueira nº 29, Carril, non se ten constancia de que isto se produza nas comprobacións efectuadas pola Policía Local dende a recepción do escrito, e con respecto á indicación realizada da fabrica de conservas artesanas, esta goza da concesión dun vao permanente, do mesmo xeito que numerosos veciños nesa avenida, non percibindo un uso irregular do mesmo.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11/11/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de novembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

En relación aos seguintes puntos do seu escrito, a Xunta de Goberno Local acorda dar conta á Xunta de Galicia, por ser a titular da estrada:

- Paneles Informativos rotonda "A Rosa", rotonda Centro de Carril e rotonda O Ramal avisando de atascos na Avda. Rosalía de Castro, e tamén en dirección Carril.
- Evitar o paso de tráfico pesado ata o centro da Cidade, desviando pola circunvalación ao Porto.
- Evitar a subida do nivel da estrada na Avda. Valentín Viiqueira como consecuencia dos asfaltados da mesma.

#### **PRP2024/4270**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis García Pérez solicitando a sinalización dunha praza para persoas con discapacidade na Rúa Preguntoiro, á altura do nº 27A.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade á altura dos número 29-31 da citada rúa, onde existen dúas prazas de estacionamento en liña, transformando unha delas nunha praza para persoas con discapacidade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

#### **PRP2024/4271**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Aura María Longo Fernández, solicitando a colocación de sinalización para prohibir o paso de determinados vehículos por Rúa da Pena.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de sinal R-107 (con lenda 3,5t) para prohibir o paso de vehículos de vehículos con masa máxima superior a 3.500 kg.. Esta sinalización debe situarse na confluencia das Rúas da Pena coa Rúa Antuín e na confluencia desta rúa coa Rúa 8 de marzo, para prohibir a entrada de vehículos cun ancho superior aos dous metros e maxa máxima superior a 3.500 kg. para así evitar os danos que se causan na propiedade da solicitante.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

#### **PRP2024/4272**

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Gestión de Comunidades SL no que solicitan a adopción de medidas para que os propietarios do garaxe situado en Rúa Extramuros nº 16 poidan saír cos seus vehículos de maneira que teñan visibilidade suficiente para incorporarse á vía pública.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación dun espello na parte elevada esquerda do frontal do seu edificio, co cal calquera vehículo que faga a manobra de saída do inmoble poderá visualizar os vehículos que proveñan do lado derecho do sentido único da vía, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

#### **PRP2024/4273**

Dáse conta do escrito presentado pola AA.VV. San Miguel de Trabanca Badiña, solicitando o establecemento dun sentido único de circulación na Rúa Alto do Rey.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se manteña nesta rúa o sentido de circulación de Bouciña Alta a Rúa do Lombo, prohibindo neste tramo o sentido contrario, instalando un sinal vertical fronte ao nº 11.

Así mesmo acórdase a instalación dun espello na confluencia da Rúa Alto do Rey con rúa Bouciña Alta para mellorar a visibilidade neste cruce, dado que pola disposición das construccions neste punto a visibilidade é praticamente nula.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

#### **PRP2024/4274**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Jesús García Ocampo solicitando a

sinalización dunha praza de estacionamento reservada para persoas con discapacidade na Avda. Rosalía de Castro, á altura do nº 106.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza máis de estacionamento para persoas con discapacidade a continuación da xa existente na actualidade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

#### **PRP2024/4275**

Dáse conta de escrito presentado por D. José Manuel Paz Piñeiro solicitando a reposición da praza reservada para persoas con discapacidade na Rúa San Roque nº 18, que está parcialmente borrada con motivo de obras que se levaron a cabo na zona.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á Empresa NATURGY para que proceda ao asfaltado e pintado da zona, reponendo a sinalización da praza reservada para persoas con discapacidade ao seu estado anterior á realización das obras pola citada Empresa.

#### **PRP2024/4276**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Sara Millan Caneda, solicitando a creación dunha praza de estacionamento reservada para persoas con discapacidade na Rúa Gumersindo Nartallo.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que non existe ningunha praza destas características na zona, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento reservada para persoas con discapacidade á altura do nº 6 da citada Rúa, concretamente a praza seguinte a un vao permanente existente neste punto, procedendo á retirada das proteccións metálicas instaladas na zona que daban antigamente a localización dos colectores de lixo e que na actualidade foron retirados do citado lugar.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

#### **PRP2024/4277**

Visto o escrito presentado por D. Carmelo Barcala Lamas, solicitando a colocación de bandas redutoras de velocidade na Rúa Carballido e Rúa Real.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que:

- No referente á Rúa Carballido, iñdicar que se trata dun tramo con poucas zonas nas que os vehículos poidan adquirir velocidade, e con pouca circulación dos mesmos, polo que non se considera precisa a redución de bandas de seguridade.
- En relación coa Rúa Real, podería valorarse a colocación destas medidas no tramo recto, a pesar de que se trata dun vial que case non ten circulación, a pesar de que ven a unir a Rúa Antuín coa Rúa Carballos.

Así mesmo comunícaselle que a Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Dáse conta de proposta da Policía Local de sinalización vertical e horizontal na intersección da Rúa Carballos con Rúa Real.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte sinalización:

- Sinalización, tanto vertical como horizontal, de STOP na intersección da Rúa Carballos con rúa Real, así como na bifurcación da citada Rúa Real.
- Sinalización con redutores de velocidade na Rúa Carballos, posto que hai tramos onde os vehículos, debido á pendente, superan a velocidade establecida, asemade hai unha zona de vivendas e marquesíña de bus que carecen de beirarrúas.

Dar Conta ao Enxeñeiro Municipal para a súa inclusión no proxecto de redutores de velocidade, Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

#### **PRP2024/4278**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Susana Fernandes Jamardo, solicitando autorización para instalar un posto de churros, de 2 metros, nas inmediacións do Cemiterio de Carril, o día 1

de novembro de 2024.

Dáse conta de informes favorables da Policía Local e Servizo de Mercados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

#### PRP2024/4348

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención para o impulso da rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das Praza de Abastos para o ano 2024.

Actuacións obxecto de subvención no exercicio 2024:

- Adquisición de packaging propio do mercado
- Adquisición de máquina de xeo para a praza de abastos de Vilagarcía
- Adquisición de equipo de frío industrial para a praza de abastos de Vilaxoán
- Accións formativas e de mentoring para os vendedores e vendedoras da praza de abastos.

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumplimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da disposición dos gastos, o recoñecemento de obriga e a aprobación da conta xustificativa da subvención na que se fai constar de forma detallada que:

- Se cumpriu da finalidade da subvención.
- Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Nº	ACREDOR	CIF	Nº de factura	Concepto	Importe	Partida	Data emisión	Data Recoñec Obriga
1	ISIDRO FERNANDEZ PORTAS	35431020A	2024-20655 7617/24	Adquisición de equipo de frío industrial para a praza de abastos de Vilaxoán	31.314,80	4312.62300	04/10/2024	11/11/2024
2	ISIDRO FERNANDEZ PORTAS	35431020A	2024_2066 7648/24	Suministro máquina de xeo	10.714,55	4312.62300	05/11/2024	11/11/2024
3	SERILUA S.L.	B70519988	7649_24 A421	Suministro Packaging	18.148,16	4312.22199	05/11/2024	11/11/2024
4	MAS VALOR S.L.	B70384953	11_1 7609_24	Formación	5.324,00	4312.22799	04/11/2024	11/11/2024

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### XUVENTUDE

#### PRP2024/4259

En relación coa acción cultural: Vilagarcía de Arousa, Cidade do Libro 2024, fáise constar:

Na Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2024, aprobouse un orzamento total de 74.519,81 € (ive engadido).

Desta cantidade total, a cantidade total estimativa de 3.000 €, estaba destinada a gastos de decoración e reforzo programático e imprevistos e sen adxudicación, a cargo da partida da Concellería de Xuventude e 3.500 € (partida 2314.22610), á difusión do programa a cargo do departamento de Comunicación Social (partida 926.22610). Destas cantidades existen os seguintes sobrantes, a día de hoxe, pero que non chegan para a cobertura dos gastos previstos:

- Sobrante de 92,70 € da cantidade estimada de 3.000 €, para decoración, reforzo programático e imprevistos. (Partida 2314.22610)

- Sobrante de 312,38 €, da cantidade estimada de 3.500 €, para difusión. (Partida 926.22610)
- Estas cantidades sobrantes non son suficientes para cubrir a contía total de gastos efectivamente realizados, entre os cales se incluirían os gastos que de seguido se relacionan:
- Grabación de video e fotos, así coma grabación multicámara das Conversas ao solpor.
- Adquisición de distintos materiais e plantas para a decoración do evento.

Por outra banda, e por mor das condición climatolóxicas adversas, unha das actividades previstas e adxudicadas polo devandito acordo da Xunta de Goberno Local, non se levou a cabo. No seu caso, a seguinte:

Entidade	Cif	endereço	Concepto	día	importe	Partida
Oftefor C.B-corticata Turismo Medioambiental	E36418283	Rúa San Roque nº 15, entreplanta. 36600 Vilagarcía de Arousa	Traslados Cortegada	a 16 xuño	484 € (ive do 10% engadido)	2314.22610

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O reintegro de 484,00 €, á partida orzamentaria 2314.22610.
- A modificación do acordo inicial, e polo tanto a aprobación da ampliación do orzamento para a acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DO LIBRO 2024, nunha cantidade total de 1.525,66 € (tendo en conta o reintegro á partida 2314.22610 dos 484 €), e con cargo ás partidas 926.22602 o importe de 1.260,62 e á partida 2314.22610 o importe de 265,04 €, ao obxeto de aprobación da convalidación dos gastos dos contratos menores que a seguir se indican:

Número factura	Entidade	Cif	concepto	data	importe	PARTIDA
370	Diego Alcaine Torres	35466795J	Grabación de recursos video foto de Cidade de Libro e Grabación multicámara de Conversas ao Solpor	11/09/20 24	1.573,00 (IVE incluído)	926.22602
202404901	Castromán SL	B36406650	Parasol aluminio, tornillos. Tuercas, arandelas, broca, taco, bridas, pasador	30/06/20 24	664,40	2314.22610
24214	Troquiña SL	ESB36268217	Verbena, salvia, hydrangea, Diascia	23/07/20 24	177,40	2314.22610

## PRP2024/4266

En relación coa actividade de ocio e tempo libre para o Nadal Fexturrón 24/25, fáise constar o seguinte:

O tempo de Nadal é propicio para o desenvolvemento de actividades que faciliten a conciliación da vida familiar e favorezan a calidade do tempo de lecer da infancia e da mocidade.

A demanda por parte da cidadanía, de actividades que favorezan a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre, ven crecendo nos últimos anos, de xeito que as Concellerías de Cultura e Xuventude veñen desenvolvendo dende hai varios anos eventos durante o tempo de Nadal, que contribúen a consecución deste obxectivo.

Con esta finalidade, as Concellerías de Cultura e Xuventude entenden que se debe levar a cabo a planificación e desenvolvemento das actividades lúdicas de Nadal, poñendo en marcha o FEXTURRÓN NADAL 2024 no recinto FEXDEGA e que se levaría a cabo dende o día 29 de novembro de 2024 e ata o día 6 de xaneiro de 2025, ambos inclusive, nas instalacións municipais de Fexdega.

Dado que o Concello carece de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, polo que se acordou solicitar orzamento para o desenvolvemento do programa.

Ademais, en cumprimento do establecido no artigo 118 da lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, o procedemento pode ser tramitado como expediente de contratación de contrato menor. (tal e coma ven recollido no artigo 118 da LCSP)

Así mesmo, en cumprimento do devandito artigo, en relación co devandito dictamen da Junta Consultiva de Contratación pública do estado, infórmase que no presente procedemento, non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa C&C Camarero e Cubo Ocio SL, por un importe total de 18.148,79 € (ive engadido), coa seguinte desagregación:

anualidade	concepto	Partida	Total gasto
2024	Facturación en concepto do período do 29 de novembro de 2024 ao 19 de decembro de 2024, pre-producción do evento.	2314.22610	7.500 € (máis IVE), dando un total de 9.075 € (IVE incluído)

	(A factura desta parte será emitida pola Empres con data límite do 20 de decembro de 2024)		
2025	Facturación en concepto de coordinación, xestión e valoración do proxecto e período do 21 de decembro de 2024 ao 6 de xaneiro de 2025	338.22609	7.499 € (máis IVE), dando un total de 9.073,79 € (IVE incluído)

Asumindo a empresa adxudicataria C&C Camarero & Cubo Ocio S.L. as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

- Asumindo ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### TURISMO

#### PRP2024/4345

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto.

O Concello solicitou subvención para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL.

En data 28.08.2024, o Conselleiro do Mar asinou a resolución na que se concede a este concello a subvención solicitada, por un importe total de 42.039,44 €, cunha porcentaxe subvencionable do 100% e para os seguintes conceptos

Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe minorar	a Motivo minoración	Total	Total
500 recetarios	2.565,00 €	21,00 %	3.103,65 €	0,00 €		3.103,65 €	3.103,65 €
Animación na rúa e taller de artesanía os 2 días de showcooking	4.798,34 €	21,00 %	5.805,99 €	0,00€		5.805,99 €	5.805,99 €
Xestión de comunicación	750,00 €	21,00 %	907,50 €	0,00 €		907,50 €	907,50 €
Camapaña en redes sociais	1.350,00 €	21,00 %	1.633,50 €	0,00 €		1.633,50 €	1.633,50 €
1 sinal e 3 esculturas	3.930,00 €	21,00 %	4.755,30 €	0,00 €		4.755,30 €	4.755,30 €
Showcooking para o público e obradoiros para público e hostelería	21.350,00 €	21,00 %	25.833,50 €	0,00 €		25.833,50 €	25.833,50 €
Total	34.743,34 €		42.039,44 €			42.039,44 €	42.039,44 €

A Orde do 28 de decembro, a da convocatoria, sinala que o prazo máximo para a xustificación é o 31 de outubro.

Recibida a notificación da concesión, solicitouse unha prórroga para esa xustificación e foi concedida, na resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 20.09.2024, ata o 30 de novembro.

As accións a realizar, os presupostos e os provedores son os seguintes:

ACTIVIDADE	PROVEDOR	IMPORTE (IVE engadido)
11 obradoiros de COCIÑA DA RÍA 5 obradoiros HOXE COCIÑAMOS CUN CHEF DA VILA		16.897,65

Impresión de libro coas 16 receitas			
Xestión e comunicación do proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA NA RUTA MARIÑEIRA DE VILAXOAN A CARRIL	CARLOS GÓMEZ	CRESPO	
Campaña de publicidade en medios dixitais			
Showcooking en Vilaxoan, e outro en Carril, _____	ARTESA BAIXAS, S.L.	RIAS	14.306,00
Obradoiro de cociña os días 6 e 7 de novembro, dirixido á hostelería			
Animación nas rúas en Vilaxoán i en Carril, as mesmas horas e datas que os showcookings	NELSON ROA	QUINTEIRO	3.960,00
Taller de manualidades e artesanía sobre o marisqueo, en Carril,	AGRUPACIÓN AMARCARRIL		1.450,00
Sinal (de dirección a Santiago) e 3 esculturas en aceiro cortén	FORJAROURSA, S.L.		4.755,30
<b>TOTAL</b>			<b>41.368,95</b>

O maior importe na concesión respecto do solicitado polo Concello débese a que o Galp non diferencia, dentro dunha mesma partida, os gastos aos que se lle aplica o IVE do 10% ou do 21% (aplicou a toda a partida o 21%).

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a subvención e a prórroga para a xustificación ata o 30 de novembro, así como aprobar as accións a realizar, os provedores e os orzamentos citados.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### CONSUMO

#### PRP2024/4286

Dáse conta do escrito presentado con data 05/06/2024, por Asociación de Consumidores y Usuarios en Acción-FACUA, no que presentan denuncia conta os promotores do evento ATLANTIC FEST celebrado os día 19, 20 e 21 de xullo de 2024 e motivada pola limitación de acceso ao recinto con comida e bebida do exterior.

Dáse conta de informe emitido por NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L. como protomora do citado evento, con data 14/10/2024, no que indica:

-Que solicitan se desestime a denuncia presentada porque non infrinxiron ningunha lei nin trataron de maneira abusiva aos asistentes do festival, pola contra actuaron conforme á normativa vixente, garantindo un evento seguro e accesible para todos os asistentes.

O feito de actualizar a información sobre a permisión de entrada de comida e bebida en xuño non crea un prexuízo aos asistentes que compraron a súa entrada con anterioridade, sempre que, como se indica, se tomen medidas para informarles de maneira adecuada e oportuna. Existiu unha comunicación proactiva aos compradores, xa que os asistentes que compraron as súas entradas antes da actualización foron notificados sobre o cambio na política (a través de correos electrónicos, mensaxes ou publicacións en redes sociais), polo que non habería prexuízo.

Ademais antes da actualización, se a política sobre a comida e bebida era clara (aínda que prohibitiva) e formaba parte das condicións do festival, os compradores xa aceptarían eses termos ao comprar as súas entradas. A actualización, nese caso, melloraría a situación para os asistentes, pois lle daría unha maior flexibilidade (poder levar a súa propia comida e bebida).

Doutra banda hai ausencia de cláusula abusiva, debido a que, segundo a normativa de consumo, unha cláusula é abusiva se xera un desequilibrio importante entre os dereitos das partes. Se a prohibición anterior se baseaba en razóns xustificadas (seguridade, hixiene, loxística), difficilmente podería considerarse abusiva. Ao actualizar a política, a organización simplemente amplía os dereitos dos asistentes, o que non supón un prexuízo.

Ademais, o festival ofrecía outras opcións, como a saída e reentrada gratuita do recinto, o que permitiría aos asistentes comprar comida e bebida fóra do evento. Estas facilidades sempre estiveron presentes, polo que tampouco existía unha obrigación de consumo dentro do recinto e isto reforza que non houbo coacción nin trato abusivo en ningún momento.

En resumo, non existe un prexuízo real para os asistentes que compraron as entradas antes da actualización, xa que foron informados do cambio. Ademais, a modificación da política, ao permitir a entrada con comida e bebida, mellora as condicións orixinais, o que é un beneficio para os asistentes.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar a devendita denuncia.

**PRP2024/4289**

Dáse conta de reclamación presentada por D. Daniel Lamas Novoa, da cal dou traslado a este Concello o Instituto Galego de Consumo e Competencia e motivada porque no momento de entrar ao Festival Revenidas o día 08/09/2023, o persoal de seguridade, segundo as instruccions recibidas, non lles permite o acceso por entrar con bebida de fóra.

Tendo en conta que, tras ser requerida, a entidade REVENIDAS S.C, remite informe de data 23/10/2024, no que informa o seguinte:

Que ante as afirmacións contidas na denuncia, esa mercantil quere achegar as seguintes manifestacións:

Primeiro.- As persoas denunciantes non achegan proba algúna dos feitos. Os feitos relatados na denuncia son vagos e carentes de toda proba relativa á prohibición de entrar cunha particular bebida, nin identifica á persoa que lles impidiu o acceso, nin calquera outra proba.

Por contra, esta mercantil ten proba de que as persoas denunciantes entraron e saíron varias veces do recinto do festival, ausencias nas que poideron facer os consumos que quixeron fóra do recinto do festival.

Segundo.- O festival Revenidas non prohíbe a entrada con bebidas, só prohíbe a entrada de bebidas en determinados envases, e proporciona envases sustitutos, para garantir a seguridade e integridade física dos asistentes.

O acceso con bebidas ao recinto é posible cumprindo determinadas condicións que están postas para garantir a seguridade das persoas asistentes, no condicionado de acceso ao recinto publicado na web do festival, no apartado relativo a seguridade dise que non se permitirá o acceso ao recinto de bebidas que veñan en envases de cristal, metal cerámica, louza, plástico duro ou calquera material que poida ser usado como obxecto contundente ou cortante. Ademais non se permite o acceso con calquera tipo de botella cuxa capacidade sexa superior a 0,5 litros e as de 0,5 litros ou menos deben estar desprecintadas e sen tapa.

Todas estas medidas están establecidas para que os envases comporten o menor risco posible para as persoas en caso de ser arroxados.

Finalmente e para o suposto de que os envases non cumplan os requisitos de seguridade, o festival ofrece traspasar os líquidos a recipientes fabricados en cartón, de tal xeito que se poida acceder ao recinto con bebidas adquiridas fóra do mesmo sen por en perigo ao resto de asistentes.

Todas estas indicacións son coñecidas polo persoal de control de accesos, proporcionado por unha empresa especializada como MenKeeper, S.L., cuxa fiabilidade está contrastada en múltiples festivais, polo que os comentarios referidos polos denunciantes non resultar creibles ou, cando menos, están sacados de contexto.

Terceiro.- O feito de que os denunciantes asistiran ao festival por toda a súa duración xa é demostrativo de que obtiveron os servizos polos que pagaron o prezo da entrada que é asistir ao festival para escutar aos artistas musicais.

O feito de que fixeran consumos dentro do festival malia entraren e saíren do festival a vontade, é demostrativo de que non se lle impidiu consumir onde quizesen nin se lles obrigou a consumir dentro do recinto.

Dos varios milleiros de persoas que asistiron ao Festival Revenidas de 2023, únicamente existe esta denuncia por prohibición de entrada con bebidas ao recinto do festival.

Tendo en conta o anterior, Xunta de Goberno Local acorda desestimar a devandita reclamación.

**MULLER E PERSOAS MAIORES****PRP2024/4294**

Dáse conta de solicitude presentada pola monitora do obradoiro ACTIVATE 2024 para a celebración dun magosto na Praza da Peixeiría, a realizar polos participantes do programa.

Vista a proposta da Concellería da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local, acorda autorizar a realización de dito magosto para o próximo día 28 de novembro en horario de 17:00 a 20:00 horas.

Así mesmo, acórdase a colaboración dos seguintes Departamentos/Servizos municipais:

- Departamento de Obras para que transporten un asador e para que se encarguen da colocación de 6 mesas e 60 cadeiras.
- Departamento de Cultura para a reserva da instalación municipal.
- Servizo de Emerxencias para a prevención dun posible incendio ou acumulación de xente.

#### **PRP2024/4358**

Mediante Resolución de transferencias, do de 11 de xullo de 2024 , da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2024 (BOE 19 de xullo de 2024). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18.623,45€.

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondo, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2025.

O 25N conmemorase o Dia Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.

A Área de Igualdade vai desenvolver diferentes accións encamiñadas á loita contra a violencia machista que terán lugar nas datas próximas ao 25 N:

URDIME S.COOP. GALEGA	F70353982 Avda. De Lugo2A baixo esquerda-15702 Santiago de Compostela	Representación do espectáculo “Vicio houbo sempre”	500,00	2312.22615
EMPRESA PEREIRA S.L.	B36030997 Rúa patiño 19. Polg. Trabanca Badiña 36600 Vilagarcía de Arousa	Aluguer mensual autobús para colocación publicidade. Trasera e laterais	163,35	2312.22602
BAÑOS PRINT SL	B36252872 Rúa López Ballesteros 9 36600 Vilagarcía de Arousa	Rotulación bus 25N trasera e laterales	1.364,88	2312.22602
CINE CLUB ADEGA	G360018513 Apdo. Correos 205 36600 Vilagarcía de Arousa	Proxección do filme How to have sex.	484,00	2312.22615
SUSANA GARRIDO POMBO	53170177L Rúa Real 11, 3A 36206 - Vigo	Actuación musical Su Garrido Pombo “Patios de luz electrónicos	1.540,00	2312.22615
EDITORIAL LA CAPITAL SL - DIARIO DE AROUSA	B15162068 Praza de Galicia, 9, 1º 36600 Vilagarcía de Arousa	Insercións publicitarias	687,28	2312.22602
FARO DE VIGO SA	A36600815 Rúa Policarpo Sanz 22, baixo. 36280- Vigo	Insercións publicitarias	447,70	2312.22602
LA VOZ DE GALICIA SA	A15000649 Ronda de Outeiro 1-3 15006 A Coruña	Insercións publicitarias	629,20 363,00	2312.22602
PABLO JUEGUEN GARCIA	35473888E Avda. Da Mariña, 100, 5ºA 3600 – vilagarcía de Arousa	Creación e deseño da campaña do 25N	5.203,00	2312.22602
TOTAL			11.382,41	

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o gasto para a realización de actos en conmemoración do 25N-Día Internacional contra a Violencia de Xénero, por un importe total de 11.382,41 €, con cargo á partida

#### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2024/4310**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 17 de abril de 2023, aprobouse o proxecto técnico denominado “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de

Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto Jesús San Vicente Domingo, cun orzamento de 2.631.499,45 € (sen IVE); 3.184.114,33€ (IVE engadido).

Mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 23 de xuño de 2023, concedeuse ao Concello de Vilagarcía de Arousa subvención ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotációs singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030), para confinanciar a obra de “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”. Con data 27 de decembro de 2024 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Deputación Provincial de Pontevedra, polo que o organismo provincial cofinancia o investimento de referencia cun importe de 1.000.000,00€, con cargo ao citado Programa PON2030).

Esta actuación atópase incluída no anexo de Inversión do Orzamento municipal para 2024, na operación de préstamo, con cargo á partida 342 - 62200.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 22 de outubro de 2024, BOPPO nº 206, publica as bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra coa finalidade de colaborar cos municipios para orientar a súa planificación de investimentos cara fins de relevancia estratéxica e atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores.

De conformidade coas referidas bases, os concellos poderán presentar un único proxecto, para unha única actuación, aínda non executada, que deberá ser continua e coherente. Así mesmo, establecese un importe máximo que pode acadar cada concello por poboación. No caso dos concellos que teñen entre 20.001 e 50.000 habitantes, nos que se encadra o Concello de Vilagarcía de Arousa, a subvención máxima que pode conceder o organismo provincial é de 1.100.000,00€, que debe contar cunha porcentaxe mínima de financiamento por parte do concello do 30%.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA, a cantidade de 1.100.000,00€, para cofinanciar o investimento de “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”. A distribución final do financiamento para esta actuación sería a seguinte:

Procedencia	Plan/Programa	Importe	% cofinaciación
Deputación Provincial de Pontevedra	Programa PON 2030	1.000.000,00€	31,41%
	PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA PLAN EXTRA	1.100.000,00€	34,55%
Concello de Vilagarcía de Arousa		1.084.114,33 €	34,05%

#### PRP2024/4356

O 25 de marzo de 2024 asinouse o documentos de reversión e entrega do aparcadoiro soterrado ubicado na praza Xoán XXIII, con motivo da resolución do contrato de concesión administrativa de construcción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado, adoptado por sesión plenaria celebrada o 29 de febreiro de 2024.

A xestión do aparcadoiro préstase de forma directa por esta administración local, coas dúas persoas subrogadas e un traballador municipal procedente da FPSDM; co mesmo horario apertura e peche da concesionaria; e dicir, de luns a venres de 08:00 a 22:00 horas e sábados de 09:00 a 15:00 horas, permanecendo pechado os sábados pola tarde, domingos e festivos.

A experiencia deste meses, e o volume de vehículos que utilizan a instalación, fan necesario reprantexar a posibilidade dunha ampliación do horario.

Vista a Proposta do Xefe de mantemento Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o incremento do horario a sábado pola tarde e ampliación do mesmo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro ata as 24:00 horas. Número de traballadores 3 (permanecendo pechado o aparcamento os domingos e festivos), que se levará a cabo no ano 2025:

- Número de traballadores: 3.

- Horario de traballo: De luns a sábado, de 8:00 a 22:00 (14 horas diarias), nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, outubro, novembro e decembro. De luns a sábado, de 8:00 a 24:00 (16 horas diarias), nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

- Os domingos e festivos, o Parking permanecerá pechado.

- Quendas: Dúas quendas diárias: unha de mañá (8:00 a 15:00) e outra de tarde (15:00 a 22:00), e de mañá (8:00 a 16:00) e tarde (16:00 a 24:00) nos meses de xuño a setembro.
- Cobertura: Dous traballadores activos por día: un cubrindo a quenda de mañá e outro cubrindo a quenda de tarde.
- Horas anuais do funcionario: O número de horas anuais por traballador en 2025 será de 1665 horas, axustadas pola redución horaria no verán.

## 2.- Conclusións:

1. Cobertura continua do servizo: A presenza de dous traballadores activos por día asegura que sempre haxa cobertura suficiente nas dúas quendas (mañá e tarde), mantendo a operatividade do servizo de luns a sábado.
2. Cumprimento normativo: A proposta axústase ás normativas laborais vixentes para o ano 2025, respectando o límite anual de horas e permitindo xestionar correctamente os períodos de redución horaria no verán, así como as vacacións e ausencias programadas.
- 3.- Comunicar aos traballadores do aparcamento.

Dar conta ao Xefe de mantementos Municipais e Negociado de Recursos Humanos.

## PRP2024/4402

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2024 (PRP2024/3464), aprobase o proxecto modificado das obras de "Humanización da Rúa Aquilino Iglesia Alvariño", que illadamente supón un aumento no orzamento de execución material de 59.461,44 € (49,76%).

Con posterioridade foi detectado erro no importe anterior, dado que a cantidade correcta do orzamento de execución material do proxecto modificado é de 61.773,83 €.

Á vista do anterior, a xunta de Goberno Local acorda:

Corrixir o acordo PRP2024/3464, tomado na Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2024, do seguinte xeito:

Onde di:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto modificado, que supón un aumento no orzamento de execución material de 59.461,44 € (IVE incluído), con cargo a fondos propios.

Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto modificado, que supón un aumento no orzamento de execución material de 61.773,83 € (IVE incluído), sendo a diferencia entre ambos de 2.312,39 €, que tamén será asumida con cargo a fondos propios.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2024/4324

Visto o expediente de gasto INT/2024/511 integrado pola relación de xustificantes F/2024/131 por importe de 140.277,57€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/131 por importe de 140.277,57€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/591 8	02148000023924F	31/08/2024	821,71	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/ 2024/591 9	02148000024124F	31/08/2024	5.890,68	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza EDIFICIOS E INSTALACIONES SEDE CASA CONSISTORIAL: CASA DEL AYUNTAMIENTO Agosto de 2024Casa do Concell
F/ 2024/592 0	02148000024324F	31/08/2024	6.354,59	334	22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Agosto de 2024SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Servi
F/ 2024/592 1	02148000024624F	31/08/2024	512,30	135	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Agosto de 2024Importe servizo
F/ 2024/592	02148000024924F	31/08/2024	1.202,22	3262	22700	CLECE, S.A.	ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Agosto de 2024Importe

2							servizos
F/ 2024/592 3	02148000025124F	31/08/20 24	663,06	1530	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza nas dependencias de Obras durante Agosto de 2024Importe servizo
F/ 2024/592 4	02148000024824F	31/08/20 24	1.780,76	3261	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Agosto de 2024Importe servizo
F/ 2024/592 5	02148000025024F	31/08/20 24	72,64	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Agosto de 2024Escola Obradoiro
F/ 2024/592 6	02148000025524F	31/08/20 24	120,18	920	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e
F/ 2024/592 7	02148000025824F	31/08/20 24	348,88	432	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza semanal del Museo del ferrocarril durante el presente mesIMPORTE DEL SERVICIO
F/ 2024/592 8	02148000025924F	31/08/20 24	4.630,29	3321	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza de la NuevaBiblioteca Sita en la C/ Castelao durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO
F/ 2024/592 9	02148000024024F	31/08/20 24	2.644,79	3321	22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Agosto de 2024ZONAS COMUNES /
F/ 2024/593 0	02148000024224F	31/08/20 24	53.436,55	320	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Agosto de 2024CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Agosto de
F/ 2024/593 1	02148000024524F	31/08/20 24	330,84	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Agosto de 2024Importe servizos
F/ 2024/593 2	02148000024724F	31/08/20 24	1.639,14	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Agosto de 2024Importe servizo
F/ 2024/593 3	02148000025224F	31/08/20 24	373,76	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA Agosto de 2024GAC / Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E
F/ 2024/593 4	02148000025424F	31/08/20 24	2.723,69	2311	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL
F/ 2024/593 5	02148000025624F	31/08/20 24	7.221,22	4312	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza diaria en LA PLAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA Y PLAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN durante el presente mesI
F/ 2024/593 6	02148000025724F	31/08/20 24	2.659,10	1722	22700	CLECE, S.A.	Limpieza de los baños de las playas de Vilagarcía, en el período comprendido durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICI
F/ 2024/594 1	02148000026524F	31/08/20 24	986,02	231	22610	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza de varias dependencias del CEIP AREALONGA con motivo da realización del Campamento Urbano de Verano
F/ 2024/594 3	02148000026724F	31/08/20 24	49,19	432	22700	CLECE, S.A.	Limpieza extraordinaria inicial del ascensor de paso inferior de la Estación de tren que conecta con la Escardia realiza
F/ 2024/594 4	02148000026824F	31/08/20 24	63,90	432	22700	CLECE, S.A.	Limpieza semanal de mantenimiento del ascensor de paso inferior de la Estación de tren que conecta con la Escardia reali
F/ 2024/594 6	02148000023824F	31/08/20 24	2.993,20	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Agosto de 2024Importe servizo
F/ 2024/677 9	02148000027824F	30/09/20 24	6.096,85	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza EDIFICIOS E INSTALACIONES SEDE CASA CONSISTORIAL: CASA DEL AYUNTAMIENTO Septiembre de 2024Casa do Con
F/ 2024/678 1	02148000028224F	30/09/20 24	6.577,02	334	22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Septiembre de 2024SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / S
F/ 2024/678 2	02148000031124F	30/09/20 24	193,29	432	22700	CLECE, S.A.	Limpieza semanal de mantenimiento del ascensor de paso inferior de la Estación de tren que conecta con la Escardia duran
F/ 2024/678 3	02148000030924F	30/09/20 24	4.792,35	3321	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza de la NuevaBiblioteca Sita en la C/ Castelao durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO
F/	02148000028824F	30/09/20	530,23	135	22700	CLECE,	Servicios de limpieza de EDIFICIO E

2024/678 4		24				S.A.	INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Septiembre de 2024Importe servizo
F/ 2024/678 5	02148000030624F	30/09/20 24	241,95	320	22700	CLECE, S.A.	Ampliación del servicio de limpiezaen el Colegio de Educación Especial de Villagarcía curso escolar 2024-2025 durante el
F/ 2024/678 6	02148000030724F	30/09/20 24	2.752,16	1722	22700	CLECE, S.A.	Limpieza de los baños de las playas de Vilagarcía, en el periodo comprendido durante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICI
F/ 2024/678 7	02148000029224F	30/09/20 24	1.843,08	3261	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Septiembre de 2024Importe servizo
F/ 2024/678 8	02148000028624F	30/09/20 24	342,42	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Septiembre de 2024Importe servizos
F/ 2024/678 9	02148000029024F	30/09/20 24	1.696,50	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Septiembre de 2024Importe servizo
F/ 2024/679 0	02148000031224F	30/09/20 24	393,25	134	22700	CLECE, S.A.	limpieza de mantenimiento semanal en el PARKING XOAN XXIII del Concello de Vilagarcía durante el presente mes.IMPORTE DE
F/ 2024/679 1	02148000031324F	30/09/20 24	300,56	320	22700	CLECE, S.A.	Ampliación de la limpieza ordinaria por aumento del servicio a prestar en la 2ª planta del EEI Aralde-Sobrán durante el p
F/ 2024/679 2	02148000030824F	30/09/20 24	361,09	432	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza semanal del Museo del ferrocarril durante el presente mesIMPORTE DEL SERVICIO
F/ 2024/679 5	02148000029624F	30/09/20 24	75,18	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Septiembre de 2024Escola Obradoiro
F/ 2024/679 6	02148000029824F	30/09/20 24	686,26	1530	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza nas dependencias de Obras durante Septiembre de 2024Importe servizo
F/ 2024/679 7	02148000030424F	30/09/20 24	7.473,96	4312	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza diaria en LA PLAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA Y PLAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN durante el presente mesl
F/ 2024/679 8	02148000030524F	30/09/20 24	336,26	320	22700	CLECE, S.A.	Ampliación del servicio de limpieza en la Escuela de Educación Infantil de Vilar e Bamio curso escolar 2024-2025 durante
F/ 2024/679 9	02148000027424F	30/09/20 24	3.097,96	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Septiembre de 2024Importe servizo
F/ 2024/680 0	02148000030224F	30/09/20 24	850,47	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/ 2024/680 1	02148000030324F	30/09/20 24	124,39	920	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e
F/ 2024/680 2	02148000027624F	30/09/20 24	2.737,36	3321	22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Septiembre de 2024ZONAS COMUN
F/ 2024/681 0	02148000031424F	30/09/20 24	289,49	3321	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpieza de la Agencia de Lectura Municipal de Vilaxoándurante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO
F/ 2024/681 1	02148000031524F	30/09/20 24	396,06	3321	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpieza de la Agencia de Lectura Municipal de Bamiodurante el presente mes.IMPORTE DEL SERVICIO
F/ 2024/681 8	02148000031824F	30/09/20 24	232,91	320	22700	CLECE, S.A.	Limpieza especial en la 1ª planta de EEI Aralde e Sobrán tras la realización de unas obras durante el presente mes.IMPOR
F/ 2024/682 1	02148000031924F	30/09/20 24	337,81	134	22700	CLECE, S.A.	LIMPIEZA GENERAL previa a la limpieza de mantenimiento en el parkingXOAN XXIII del Concello de Vilagarcía durante el pre
		TOTAL	140.277,57				

## PRP2024/4325

Visto o expediente de gasto INT/2024/514 integrado pola relación de xustificantes F/2024/133 por importe de 13.817,10 €.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/133 por importe de 13.817,10€, coa seguinte desagregación:

REX.	Fecha	Documento	Fecha Dto.	Econ.	Importe	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/58 27	28/08/2024	A24 1251	31/07/2024	160	22700	814,00	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.
F/ 2024/64 65	17/09/2024	A24 1442	31/08/2024	160	22700	11.534,60	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.
F/ 2024/64 68	17/09/2024	A24 1443	31/08/2024	160	22700	1.468,50	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.
				TOTAL	13.817,10		

#### PRP2024/4326

Visto o expediente de gasto INT/2024/515 integrado pola factura con número de rexistro 2024/6467 por importe de 3.168,00€.

Visto o informe da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a factura con número de rexistro 2024/6467 por importe de 3.168,00€ coa seguinte desagregación:

Nº Entrada	Nº Documento	de Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/646 7	A24 634	31/08/2024	3.168,00	160	22700	OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L.	TRANSPORTE DE RESIDUOS DE CRIBADO 19.08.01 PROCEDENTE DEL SERVICIO DE LIMPIEZA DE COLECTORES Y POZOS DE BOMBEO DEL CONCE
		TOTAL	3.168,00				

#### PRP2024/4327

Visto el expediente de gasto INT/2024/516 integrado pola factura con rexistro de entrada 2024/6204 por importe de 15.591,09€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acora o recoñecemento de obligación para a factura con rexistro de entrada 2024/6204, por importe de 15.591,09 €, coa seguinte desagregación:

Nº Entrada	Nº Documento	de Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/620 4	24001703 0	11/09/2024	15.591,09	4311	6270018	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	instalación aleros puestos exteriores 4 puntos de datos y 4 de corriente ( Referencia: Xunta de Goberno Local do día 22/
		TOTAL	15.591,09				

#### PRP2024/4328

Visto o expediente de gasto INT/2024/517 integrado pola factura con rexistro de entrada 2024/6568 por importe de 13.310,00€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obligación para a factura con rexistro de entrada 2024/6568 por importe de 13.310,00€, coa seguinte desagregación:

Nº Entrada	Nº Documento	de Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2024/6568	027/2024	22/08/2024	13.310,00	4311	2261018	CRAFTIUM S.L.	Hito 2 de facturación: "Servicios de asesoramiento individualizados para la puesta en marcha y optimización de planes de
		TOTAL	13.310,00				

E sen más asuntos que tratar, ás 13:05 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.